

“-DECRETO DELEGACIÓNS COMPETENCIAS XENÉRICAS E ESPECÍFICA-

De conformidade co disposto nos arts. 21.3 e 23.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Electoral, e de conformidade cos arts. 43, 44, 45 e 51 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO

PRIMEIRO: DELEGACIÓNS XENÉRICAS.

- *Delegar a área de Obras, Urbanismo e Infraestruturas no Concelleiro D. Manuel López Casas.*
- *Delegar o área de Cultura, Festexos, Deporte, Xuventude e Educación no Concelleiro D. Luís Miguel Gil Penín.*
- *Delegar o área de Turismo, Comercio, Promoción Económica e Facenda no Concelleiro D. Carlos Gómez Salgado.*
- *Delegar o área de Medio Ambiente e Sanidade no Concelleiro D. Manuel Cabas López.*
- *Delegar o área de Servizos Sociais, Igualdade e Benestar na Concelleira Dona Silvia Blanco Cuquejo.*
- *Delegar o área de Persoal, Réxime Interior e Tráfico na Concelleira Dona Teresa Puga Iglesias.*
- *Delegar o área de Comunicación, Relacións Institucionais, Protocolo e novas tecnoloxías na Concelleira Dona Montserrat Lama Novoa.*
- *Delegar o área de Medio Rural, Pedanías, Desenvolvemento Agrario e Industrial, e Participación Cidadá na Concelleira Dona María Dolores Calvo López.*

*As delegacións son xenéricas e conlevarán a facultade de dirixir os servizos correspondentes e de xestionalos, en xeral, aínda que **non leva engadida** a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.*

SEGUNDO: DELEGACIÓN ESPECÍFICA:

*Delegar de forma específica a favor da Concelleira Dona Teresa Puga Iglesias as competencias para a adopción de resolucións relativas ao **exercicio da potestade sancionadora no relativo a infraccións ás normas de circulación cometidas nas vías urbanas.***

TERCEIRO: *Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa no prazo de tres días hábiles a contar dende a recepción da notificación da presente Resolución.*

CUARTO: *Remitir o Decreto do nomeamento ao Boletín Oficial da Provincia para a súa publicación no mesmo, igualmente publicar o Decreto no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade dende o día da data.*

Mándao e asínao o Sr. Alcalde D. Antonio Pérez Rodríguez, en Xinzo de Limia, a 13 de xuño de 2015, do que eu, como Secretaria dou fe.

*O Alcalde,
Asdo.: Antonio Pérez Rodríguez.*

*Perante min, a Secretaria,
Asdo.: Marta M^a Gómez Ruíz.”*